



O cantar do arrieiro
éche un cantar moi baixiño,
/: cantábano a Ribadavia,
resonaba no Carballiño. :/
Aila...

Xa cho dixen, Maruxiña,
que non foses ó Santiago
que che iba de meter
velo Santo da cabalo.

Eu pedinllo a unha nena
i ela díxome: “Busca o tu.”
Eu buscábalo na cabeza
i ela dixo: “Xunto ó cú.”

Nena que está na ventana,
tira castañas abaixo
anque non teño mandil
espérochas co refaixo.

Nena da saia redonda,
vaite lavar ó teu río
anque a auga non é miña
nace no meu labradío.

Unha nena díxolle a outra
polo guicheiro da porta:
“Levara tu i a esta nena
que tes a tortilla torta.”

(Risas)